

A CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE OURENSE ORGANIZA A FEIRA DO COOPERATIVISMO

 **CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL**
OURENSE

 **DATA DO EVENTO**
20 DE SETEMBRO DE 2019

 **DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN:**
9 DE SETEMBRO DE 2019



OBXECTIVO DA FEIRA

- » Fomentar entre a sociedade ourensá os valores da economía social e o cooperativismo
- » Darlle a posibilidade a un número determinado de entidades de mostrar os seus produtos e/ou servizos
- » Ofrecer unha vía de emprendemento ás persoas traballadoras da zona dándolles a posibilidade de manter un contacto directo durante todo o evento coas entidades expositoras

DIRIXIDO A

Entidades de economía social e as persoas emprendedoras interesadas en compartir co público visitante e aos demais expositores as súas experiencias e presentar e testar os seus produtos e/ou servizos.

PROGRAMA

Neste evento, as entidades de economía social e persoas emprendedoras participantes terán a posibilidade de, a través dun stand, amosar os seus produtos e/ou servizos.

Así mesmo, durante a xornada, un representante de cada entidade expositora terá a posibilidade de presentar durante 30 minutos a súa entidade, proxecto, produto, servizo,... ao público asistente. As entidades contarán con asesoramento especializado en todo momento para axudarlles antes e durante o propio evento.

PARTICIPACIÓN

A participación esta aberta a todo tipo de entidades de economía social e proxectos emprendedores relacionados con este sector.

INSCRICIÓN

Para inscribirse é preciso cubrir o formulario de inscrición e de candidatura que poderá atopar na seguinte ligazón ou a través do teléfono:

 <http://bit.ly/feiradocooperativismoOURENSE>

 **610 17 43 88**